

**BORRADOR ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS Nº 5/2017
DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO CELEBRADA O 2 DE XUÑO DE 2017**

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

Interventor accidental

Emilio Núñez Troncoso

HORA DE INICIO: 21:09 horas

HORA DE REMATE: 21:51 horas

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 21:09 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante Decreto 2017-0248 de data 30/05/2017, reúnen en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte orde do día.

ORDEDODÍA:

1. Aprobación da acta da sesión anterior. (nº4/2017, ordinaria de 28 de abril)
2. Expediente 661/2017. Concertación de operación de préstamo a longo prazo.

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. (Nº4/2017, ORDINARIA DE 28 DE ABRIL)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Boas noites a todos. Na antepenúltima paxina, na 6º intervención na segunda liña da miña intervención di que unha vez que saia publicado hai que esperar a ver se hai alegacións, e sigue dicindo que, se non as hai se volve a publicar outra vez no boletín, ese non non debe estar e se as hai se volve a publicar outra vez no boletín. Nada máis.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿algunha apreciación máis? Pasamos a votación se vos parece.

Non existindo mais observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 4/2017, de 28 de abril, e a mesma é aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros presentes na sesión.**

2.EXPEDIENTE 661/2017. CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Vou dar lectura da proposta inicial que parte do concello, intervención deu o carácter favorable e xa se sometou a Comisión informativa.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a proposta do Concelleiro de Economía e Facenda de data 23 de maio de 2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

Visto que con data 31 de xaneiro de 2008 o Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia fixou o prezo xusto relativo ás seguintes fincas afectadas polo proxecto expropiatorio 00350-Parque Raiña Aragonta, 2ª fase. TM Salceda de Caselas:

Nº de expediente	Nº de finca	Expropiado
20070037 82	2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba
20070037 83	6 (568)	Mª Elena Sio Orozco

20070037 84	5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas
20070037 85	7 (569)	Purificación Fernández Fernández
20070037 86	3-B (555B)	Agustín González Sanjuan
20070037 87	1 (552)	Obispado Tui-Vigo
20070037 88	8 (575)	Margarita Alonso Martínez

Visto que o 19 de febreiro de 2009 o Xurado de Expropiacións de Galicia resolveu desestimar o recurso de reposición formulado polo Concello de Salceda de Caselas contra a Resolución de 31 de xaneiro de 2008 pola que se fixou o xustiprezo.

As devanditas Resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 fixan una valoración do solo de 201,06 €/m², así como a valoración das plantacións e sementeiras que no seu caso houbera nas fincas, quedando fixado o xustiprezo das fincas nos seguintes importes:

Nº de expediente	de	Nº de finca	Expropiado	Xustiprezo
2007003782		2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba	191.268,38 €
2007003783		6 (568)	M ^a Elena Sio Orozco	35.344,20 €
2007003784		5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas	155.509,17 €
2007003785		7 (569)	Purificación Fernández Fernández	36.214,77 €
2007003786		3-B (555B)	Agustín González Sanjuan	15.319,34 €
2007003787		1 (552)	Obispado Tui-Vigo	311.391,68 €
2007003788		8 (575)	Margarita Alonso Martínez	100.278,68 €
			TOTAL:	845.326,22 €

Visto que segundo o informe de Intervención nº EMP 21/2013, de 6 de febreiro, consultada a contabilidade de gastos do Concello de Salceda de Caselas para o exercicio 2005, confirmase que fíxose o abono dos seguintes depósitos previos (art.52.4 LEF) a cada un dos expropiados:

Nº de finca	Expropiado	Depósito previo
2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba	1.088,80 €
6 (568)	M ^a Elena Sio Orozco	200,73 €
5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas	882,40 €
7 (569)	Purificación Fernández Fernández	205,54 €
3-B (555B)	Agustín González Sanjuan	87,20 €
1 (552)	Obispado Tui-Vigo	1.772,80 €
8 (575)	Margarita Alonso	570,95 €

	Martínez	
	TOTAL:	4.808,42 €

Visto que a Resolución de 19 de febreiro de 2009 do Xurado de Expropiación de Galicia foi obxecto de pleito xudicial, emitíndose polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia as seguintes sentenzas:

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01322/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007991/2009, na que se desestima o recurso interposto polo Concello de Salceda de Caselas contra o Acordo de 19/02/09 sobre o xustiprezo da finca 8 (575) expropiada polo Concello para a obra Parque Raiña Aragonta 2ª fase, expte. 3788/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01323/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007992/2009, pola que se desestima o recurso presentado polo Concello de Salceda de Caselas contra o acordó de 19/02/09 que deniega o requerimento previo a vía contenciosos-administrativa contra o acordo de 31/01/08 resolutorio do xustiprezo da finca 1 (552) afectada polo proxecto 350- Parque Raiña Aragonta 2º fase, expediente 3787/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01324/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007994/2009, pola que se desestima o recurso presentado polo Conmcello de Salceda de Caselas contra a Resolución de 19/02/09 que denega o requerimento previo a vía contenciosos-administrativa contra o acordó de 31/01/08 resolutorio do xustiprezo da finca 2 (553) afectada polo proxecto 350- Parque Raiña Aragonta 2º fase, expediente 3782/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01466/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007932/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Manuel Rodríguez Quintas e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 5 (567 A) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01467/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007931/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Purificación Fernández Fernández e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 7 (569) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01468/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007934/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Agustín González sanJuan e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 3-B do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.

- *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01480/12, de 5/12/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007933/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de Dona M^o Elena Sio Orozco e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 6 (568) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2^a Fase.*

Visto que as referidas sentenzas confirmas o carácter axustado á dereito das resolucións de data 19/02/2009 ditadas polo Xurado de Expropiacións de Galicia, que fixa como prezo do solo a cantidade de 201,06 €/m².

Vista a sentenza nº 313/16 da sección 3 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación nº 7023/15.

Vistos os pagos realizados polo Concello de Salceda de Caselas aos expropiados, en datas 15 de novembro de 2013, 29 de decembro de 2014, 14 de decembro de 2016 e 30 de marzo de 2017.

*Considerase necesario concertar unha **operación de préstamo** para o financiamento do xustiprezo así como os xuros que procedan de acordo coas seguintes características:*

- *O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.*
- *O prazo da operación é de 20 anos con 2 anos de carencia de amortización do principal.*
- *Amortización trimestral constante.*
- *Tipo de interés: segundo a Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas, o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación.*

PROPOÑO

PRIMEIRO. *Que se inicien os trámites oportunos para concertar unha operación de préstamo, coas seguintes características:*

- *O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.*
- *O prazo da operación é de 20 anos con 2 anos de carencia de amortización do principal.*
- *Amortización trimestral constante.*
- *Tipo de xuro: o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación máis un marxe máximo de 93,5 puntos básicos, sobre o que se poderán aplicar os diferenciais máximos contidos no anexo 3 da Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas,*
- *Xuro por demora: 5%.*
- *Comisións de apertura e de amortización anticipada: 0*

SEGUNDO. *Que pola Interventora municipal sexa emitido informe no que se analizarán os seguintes termos:*

- *A capacidade da Entidade Local para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que daquelas se deriven para a mesma conforme ao artigo 52.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de Lei de Facendas Locais.*
- *Se o préstamo está contemplado no orzamento.*
- *A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do Orzamento.*

TERCEIRO. *Habilitar ao Sr. Alcalde para realizar os trámites oportunos para dar cumprimento ao presente acordo."*

Visto o informe de Intervención nº EMP 84/2017, de carácter favorable á proposta.

De conformidade co establecido nos artigos 21 y 22 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local e resto de lexislación vixente aplicable, **teño a ben propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites oportunos para concertar unha operación de préstamo, coas seguintes características:

- O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.
- O prazo da operación é de 20 anos con 2 anos de carencia de amortización do principal.
- Amortización trimestral constante.
- Tipo de xuro: o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación máis un marxe máximo de 93,5 puntos básicos, sobre o que se poderán aplicar os diferenciais máximos contidos no anexo 3 da Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas,
- Xuros por demora: 5%.
- Comisións de apertura e de amortización anticipada: 0

SEGUNDO. *Habilitar ao Sr. Alcalde para realizar os trámites oportunos para dar cumprimento ao presente acordo."*

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Pois este punto que se trae na orde do día pretende fixar as condicións do préstamo ao longo prazo para pagar os terreos aos propietarios expropiados no ano 2005 para a construción do parque Raíña Aragonta.

Xa anteriormente no Pleno 3/2017 do 23 de marzo aprobouse a modificación orzamentaria polo importe da operación do crédito de 789.723,63€. Xa se habilitou a partida de gasto correspondente con cargo dito importe polo financiamento desta operación de crédito a longo prazo.

Séguese o libro de ruta marcado polo equipo de goberno para pagarlle aos propietarios, e tras dito pleno procedeuse a publicación no BOPPO da modificación orzamentaria abrindo un período de exposición para, se as houbese, presentar alegacións non houbo ningunha alegación polo que a aprobación se fixo efectiva.

Agora se traen as condicións deste préstamo o cal ten que ser aprobado por maioría absoluta, máis da metade dos votos a favor e que fixará as condicións do préstamo. Como dixo o Alcalde,

as condicións o importe do préstamo é de 789.723,63€ a duración será a 20 anos con dous anos de carencia e unha amortización trimestral constante e o tipo de xuro será o establecido pola mellor oferta que plantexen as entidades financeiras as cales se convidará a optar ao financiamento e sempre seguindo o principio de prudencia financeira en base a resolución da secretaria xeral do tesouro que establece un tipo máximo no custe do xuro que non poderá superar o custe de financiamento do estado.

Por outra banda , con esta operación de crédito o volume de débeda do concello non supera o 75% dos ingresos liquidados no 2016 o cal non é necesario pedir autorización a Comunidade Autónoma nin ao Ministerio de facenda para concertar esta operación .

Situariámonos despois desta operación nun 38,83% de débeda con respecto aos ingresos liquidados nun ano. Seguiríamos mantendo un aforro neto positivo calculado por informe de intervención municipal en 337.022,83€ e seguiríamos cumprindo as condicións que marca a Lei de Estabilidade Orzamentaria mantendo o concello unha situación de equilibrio económico e con superávit orzamentario.

Dicir que na Comisión Informativa se introduciu por parte do Partido Popular unha emenda as condicións que formula o equipo de goberno con respecto aos dous anos de carencia.

Dicir que, esta carencia que expón o goberno non é arbitraria, se fai fundada en que froito desta carencia, se se acolle a esta carencia a modificación orzamentaria que haberá que facer a posteriori vai ser inferior a que se non acollemos esta carencia, calculo que entorno a catro veces máis será a cantidade que haberá que detraer de outras partidas para destinar a gastos financeiros para facer fronte ao pago destas cotas que saian do préstamo.

E isto, dende logo non é aconsellable, irán en detrimento das partidas orzamentadas para gastos e dende logo, os que temos experiencia nisto de que os partidos da oposición non son favorables a aprobar recoñecementos extraxudiciais de crédito polo cal, eliminar este período de carencia e detraer partidas de gastos esa cantidade, como xa dixen, catro veces superior, minguará as partidas de gastos é posiblemente incrementa ou faga que se trasladen a un recoñecemento extraxudicial de crédito. Non é aconsellable e o equipo de goberno non o aconsella. Dicir que esta proposta conta co informe favorable de intervención e coa aprobación da Comisión informativa especial de contas e de Economía e facenda. Explicará o PP os argumentos para a emenda que expuxeron na Comisión.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Trala exposición por parte do equipo de goberno teñen a palabra os partidos da oposición.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): boas tardes a todos, en especial aos afectados pola expropiación do parque Raíña Aragonta pola importancia que ten para eles este Pleno. En 1º lugar ratificar o noso compromiso para saldar a débeda pendente con este colectivo da forma máis dilixente posible.

A Alcaldía presenta unha proposta para solicitar o préstamo e as condicións xa as dixo Jose Luís: prazo 20 anos, amortización trimestral constante, supoño método alemán e dous anos de carencia. A nosa emenda consiste en eliminar os dous anos de carencia e que a este tipo de operacións de préstamo coas condicións que se contemplan, pódese denominar tecnicamente “ o que veña detrás que aprete”. Vendo a posibilidade de amortizar dende o primeiro día, ¿por que temos esa demora? Porque non se aproveita o escenario actual dos tipos de xuros tan baixos para as Administracións Locais que poden andar polo 0,5% e 1%. Realmente a súa proposta ven sendo que o concello no inicio do 3º ano o concello sega debendo 790.000€ que pasen dous anos pagando unicamente xuros e que dous anos despois, tralas eleccións municipais, está claro, que se siga debendo o mesmo.

O Partido Popular o que expón é deber 711.000€ reducir o capital vivo da operación polo que plantexamos eliminar a carencia do préstamo se vostede non o contemplou nos orzamentos de esta forma, pois houbera consultado con nos.

No caso de que non se aprobe a nosa emenda o equipo de goberno pagaría nos dous primeiros anos entre 8.000 ou 10.000€ sería a partida destinada , imaxino a partida a pagar aos expropiados. Pero claro, esta partida de 8.000 e 10.000€ é de pago de xuros, non se amortiza nada, menudo compromiso económico nos queda de mandato.

Nos propomos eliminar a carencia e amortizar 79.000€ neses dous anos e pasar a débeda de 790.000 a 711.000€ o que compromete o gasto do concello nestes dous anos en aproximadamente en 86.000€ claro, 8.000 fronte a 86.000€, entendo que claro, preferimos gastar esa diferenza de diñeiro noutras cousas, pero cambiar a consecuencia de que haxa eses dous anos de carencia supón un incremento de xuros a pagar nos 20 anos que poden ser entre 10.000€ e 15.000€ do custe total da operación. Se a isto se lle chama xestión...

Eu quería facer unha reflexión eses 10.000 ou 15.000€ que vai a costa a máis ese préstamo e simplemente para que vostedes dispoñan de 70.000 € para gastar en dous anos. Coa emenda que lle plantexamos dende o PP con ese aforro de xuros dálle para facer un par de fontes en zonas deportivas e sóbralle cartos incluso para facer algún homenaxe a alguén ou para por algunhas placas de bronce onde figure o que vostedes estimen oportuno.

Tamén quero facer unha observación aínda q nos ao facer a emenda segundo o informe de intervención, que por certo tamén valida a nosa emenda, hai unha variación adicional no tipo de xuro máximo pasando de 93 puntos básicos a 92 baixando un punto básico polo tanto o mellor e facer unha emenda verbal para que a proposta se modifique.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Iso non é posible porque se lees a resolución ese diferencial vai marcado pola vida media do préstamo entón a formula matemática tes que sumarlle os 20 anos máis os anos de carencia se a hai e entón o diferencial varía esta establecido segundo a fórmula matemática que marca a resolución.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Si, estou de acordo contigo pero precisamente a interventora tivo que volver calculalo porque se eliminaron os dous anos de carencia.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Pero sigue facendo mención ao tipo que establece a resolución.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Si pero no informe de intervención que fai o último é onde diferenza ese valor.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Non, no informe que fai tras a emenda segue facendo referencia ao diferencial que marca a resolución que varía se lle metes carencia ou non xa que varía a vida media do préstamo. Pois entón xa está contemplado neste segundo informe entendo.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Pero a proposta da alcaldía tamén quedaría modificada nese punto non solo nos dous anos de carencia senón no teito do tipo de xuro a aplicar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Estamos tomando en consideración que se vai aprobar a emenda, non o sabemos, vaíamos por partes.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas. Pola nosa parte estamos de acordo que hai que pagarlle aos expropiados e verdade que isto si que é unha

débeda histórica que o concello ten con algúns dos veciños co cal o primeiro punto no que estamos todos de acordo e pagarlle canto antes.

En canto a carencia nos neste caso, estamos de acordo coa emenda do Partido Popular eu creo que isto é unha débeda histórica co concello ten cos propietarios e igual que os propietarios teñen o dereito de cobrar o resto dos veciños de Salceda merece que isto lle custe o menos posible a cada un deles co cal facendo a emenda e non tendo os dous anos de carencia o aforro non é moito si é verdade que o concello vai a pagar menos por esta operación entón eu creo que si, hai que ter en consideración aos afectados pero tamén ao resto da veciñanza.

Eu non vou entrar en cifras porque xa se expuxeron moitas veces o que si vou a leer un par de parágrafos dun par de notas de prensa que saíron a semana pasada no Atlántico 25 de maio o concelleiro de Facenda dicía: “consequimos estabilizar as contas do concello e reducimos a débeda considerablemente o que nos da máis marxe para a actuación financeira”. Faro de Vigo 26 de maio concelleiro de Facenda: “por outra parte el remanente negativo de tesorería mejora con respecto al ejercicio anterior en 413.692€ lo que permite una mayor solvencia y capacidad económica para el ayuntamiento” ,podería seguir xa que nas últimas dous semanas parágrafos coma este inundaron a prensa do noso contorno. Eu creo que o máis importante é que exista un aforro en xeral para o concello aprobando a emenda de eliminar eses dous anos de carencia o equipo de goberno debe ser coherente co que di na prensa e se a situación do concello ten esa maior solvencia e capacidade económica para o concello e unha marxe grande para a actuación financeira e demais poderá facerlle fronte e non é necesario ter eses dous anos de carencia.

Respecto o que dicía o Concelleiro de Facenda sobre os Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito pois xa para curarse en saúde o Concelleiro xa se está pondo a tiritar antes da ferida como xa sabe que probablemente haxa os REC xa nos está botando a culpa antes de que os haxa.

En canto aos orzamentos que comentaba o meu compañeiro Primitivo do PP en canto senón o contemplou nos orzamentos ou demais que tiña que haber contado pode contar aínda porque total orzamentos non temos, non se lle espera está a tempo de facelos e contemplar a diferenza que se aprobe hoxe.

Pola miña parte creo que o importante é aprobar a operación de crédito para que os expropiados poidan cobrar e sobre todo facelo a menor custe posible porque ao final quen o pagamos somos todos, nada máis.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Vese que os partidos da oposición traen un punto común, ven a dicir para que o público nos entenda, que asumir 40.000€ máis con custos financeiros que supón eliminar a carencia vai en detrimento de sacarlle a outras partidas de gastos o cal ditas partidas van a quedar minguadas e por outra banda insinúan que o REC non o estiman oportuno. É unha incongruencia, por iso o plantexamento do concello porque precisamente dicía o PP de pagar 8.000€ pasaríase a pagar 86.000€ nos dous primeiros anos eliminando esa carencia pois eses 80.000€ de diferenza vai supor un detrimento de outras partidas de gastos que son as que temos actualmente e iso vai minguar sen dúbida os servizos que presta o concello ese é o único argumento que ten a oposición logo veremos se o REC o aproban ou non efectivamente eu non poño a venda antes da ferida eu simplemente advirto do que poida ocasionar esta eliminación desta carencia e as súas consecuencias que poida carrexar.

Nos consideramos esa carencia aconsellable é certo que as dúas opcións son posibles dados os informes de intervención pero a situación das partidas que nos atopamos non aconsellan facer unha modificación de 80.000€ a maiores nos dous anos seguintes como di o concelleiro do PP.

Por outro lado, dicirlle a Verónica que os datos que se publican estes días na prensa non os di o Concelleiro de Facenda os di a intervención municipal e son públicos no Ministerio de Facenda. Estamos obtendo datos positivos na economía local o nivel de débeda diminuíu estamos entorno ao 20% os fondos líquidos de tesourería superan os 500.000€ os dereitos pendentes de cobro os 478.000€ e no ultimo informe trimestral que é o que ten o Ministerio de Facenda no seu poder arrojan un remanente positivo de 300.000€ non so o di o concelleiro de Facenda senón que o avala a intervención municipal e ten constancia deles o Ministerio de Facenda.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Estame asustando con iso de modificar as partidas esperemos que isto non sexa unha escusa para un REC de 640.000€

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Agora o que pon a tiritita es ti. Vos en xuño sabedes perfectamente que o orzamento é o que hai, si facemos esta modificación que non estaba prevista, as partidas veranse minguadas.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Que curioso as partidas que prevedes son dous anos xusto antes das eleccións. O problema disto é que claro de non ter repercusións económicas para o concello que os xuros non aumentaran demoremos o pago do préstamo. Que vostedes dispoñan de 70.000 ou 80.000€ máis supón ao mellor, e estamos falando que agora hai un escenario de tipo de xuros baixos pero imaxinemos que no ano 5 deste préstamo se disparen os intereses nun 3% nun 4% ou nun 5%

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿que ten que ver iso?

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): ¿é un préstamo de tipo fixo?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Variable.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): e que ao ser variable se non amortizamos dende o minuto cero non é mesmo amortizar ao principio do mesmo que a metade.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): non ten nada que ver.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): ¿como que non ten nada que ver?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): é a túa opinión.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): non é a miña opinión é a matemática financeira.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): en 20 anos non ten nada que ver.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): ¿non ten nada que ver? Se vostede debe no ano 5 700.000€ non é o mesmo que se debe 900.000€ porque os intereses que lle van aplicar serán maiores. Pero bueno non me despistou do que quería dicir. Eses 76.000€ ou 80.000€ que queren dispor poden suporlle incrementar o custe en 20.000€.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): en 20 anos.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): son 20.000€ en 20 anos ou en 100.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): pero son 80.000€ máis.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Eses 80.000€ sempre van a ser, o que vai a facer e prolongalo no tempo.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): non ten lóxica traer 80.000€ na partida de gasto que temos actualmente por aforrar 15.000€ en vinte anos. A min non me ten lóxica, pero bueno é o voso plantexamento, vese que vai en detrimento de prestar servizos aos veciños.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): non ten porque ser, sáquense vostedes algunha dedicación. Hai partidas que vostedes poden aforrar, en publicidade por exemplo que hai un gasto importante. Vostedes plantexárono mal se pensaron que so ían a pagar 8.000€ en xuros porque coa nosa aprobación non iades contar.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): nos planteámolo mal pero vos planteádelo con malicia que esa é a diferenza, en detrimento dos servizos que presta o concello. Estadés reducindo 80.000€ das partidas que temos este ano para asumir os custes do concello, é así, esa é a realidade.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): voume remitir as notas de prensa que leu Verónica, onde está esa bonanza financeira.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿que ten que ver a bonanza financeira coas partidas orzamentarias?

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Estamos liando a cousa. Quero concretar que queremos aforrarlle cartos ao concello.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Os períodos de carencia existen en todos os préstamos é curiosa a posición do PSOE cando estaba no goberno aprobou préstamos con período de carencia e o PP nos seus 32 anos aprobou préstamos con período de carencia, as hipotecas que tomamos moitos de nos tamén teñen período de carencia, parece que estamos inventado a pólvora.

Por outro lado confundir a bonanza financeira do goberno coas partidas orzamentarias deste orzamento é unha cortina de fumo que o único que esconde é unha posición de pacto e de bloqueio, que se repite o que pasou o ano pasado co orzamento e co REC.

Como esta decisión se se aproba a emenda vai afectar ao orzamento xa que estamos no mes de xuño que estaba planificado en todo caso. Sabedes perfectamente que o que ides facer e prexudicar en 80.000€ durante dous anos aos veciños de Salceda e cando menos 40.000€ este ano . Porque imos ter menos capacidade de gasto das demandas que teñen os veciños e por certo, das demandas que facedes vos para os veciños. Nese sentido teño que agradecerche a sinceridade da túa primeira intervención e para ter nos menos 40.000€ para gastar en beneficio dos veciños. Hai que recoñecer que tiveches un lapsus mental ou non, esa é a razón é o resto son brinde ao sol e cortinas de fume, os veciños de Salceda van ter 40.000€ menos por eliminar o período de carencia.

Por suposto a situación económica- financeira do concello de Salceda e boa pero iso non ten que ver co que estamos tratando aquí, que é que imos ter menos marxe de manobra que é o que vos estadés conseguindo sistematicamente dende fai dous anos pinzando entre o PP e o PSOE, pasou no REC no orzamento do ano pasado e pasou en todas e cada unha das decisións económico- financeiras do concello dende fai dous anos.

En todo caso, aquí hai un goberno que vai seguir gobernando con 40.000€ menos nas partidas, agora, non quero escoitar a ti e a Verónica cando nas próximas semanas ou meses traíamos modificacións de crédito para facer infraestruturas imprescindibles nas que se están traballando dende fai tempo para o concello, e non é unha venda diante da ferida porque nos facemos previsións, non andamos a salto de mata, quero ver o que dis ti e o que di Verónica cando traíamos aquí e o concello nalgún convenio teña que aportar unha achega vamos a botar en falta estes 40.000€ e vai a prexudicar os intereses dos veciños que é o que pretendedes.

A bofetada a levamos nos, porque estamos en minoría e vos tedes un acordo, agora quen leva o pau son os veciños non nos. Nos imos seguir gobernando igual con menos cartos e menos capacidade. E non mesturemos as cousas porque en Tesourería a situación é boa e o din os datos do Ministerio de Facenda, esa non é a cuestión e o sabedes ademais, a cuestión é a partida orzamentaria que temos para gastar, non o diñeiro que temos na caixa. Por esa razón podemos pedir un préstamo por primeira vez dende hai moitísimo anos para facer fronte ao que imos traer hoxe aquí.

En todo caso, haberá que someter a votación a emenda e será o Pleno o que diga o que finalmente se faga, como non podía ser de outra maneira. Pero polo menos vaíamos de cara, non esteamos aquí con artes florais nin fogos de artificio, digamos a verdade os veciños, vamos a ter 40.000€ menos este ano e seguramente para o ano que ven tamén.

É a decisión do Pleno ben feito está, e a culpa en todo caso non vai ser do goberno, será dos grupos que apoien esta fórmula.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Para empezar, o da pinza xa non che vou contestar, se ao mellor hai tanto acordo entre PP e PSOE e que ao mellor estades facendo algo mal. Ponte a pensar.

Segundo que é iso de que non hai máis partida orzamentaria, que o Concelleiro de Facenda se poña a traballar e que faga orzamentos que os temos prorrogados dende o ano pasado, senón lle chega faga ben os cálculos. Primeiro señor Concelleiro faga un orzamento e os presente ao Pleno e se pode ser negociados coa oposición para que non volva a pasar o mesmo que di el que hai moito acordo, se se negocia igual os aproba.

O PP presentou unha emenda, o PSOE tamén temos criterio pois decidimos que ese é un bo criterio e nos o apoiamos. Dixen dende a primeira vez que me sentei neste Pleno que ia apoiar todo o que fora bo para Salceda e ia rexeitar o que non o fora sexa e veña do partido que veña, PP, Movemento Salceda, non adscritos ou BNG se forades antes, me da igual. Vou apoiar todo o que sexa bo para Salceda.

Outra cousa, 80.000€ que perden os veciños, ¿canto perden os veciños realmente ao final deste préstamo? ¿Canto diñeiro van a desfrutar nenos e os veciños en servizos e demais ao final deste préstamo? Porque non se trata de que o goberno actual, dous anos antes das eleccións teña máis ou menos capacidade de gasto. Primeiro que faga os deberes e os orzamentos e así ao mellor ten maior capacidade de gasto e segundo, se non a ten non é porque non vaia poder dedicar 80.000€ aos veciños, non, ao final do préstamo, dos 20 anos non son os 80.000€ poida gastar agora, que os vai ter que pagar igual, que a xente non se confunda nin o público nin ninguén.

Realmente estamos falando aquí de que parece que nos apoiando esta emenda que os veciños van a desfrutar de menos diñeiro e non é así se non aproban esta emenda e cando os veciños van a desfrutar de menos diñeiro para servizos e demais e así, non o tedes este ano pero ao

final do préstamo ¿canto se aforra? Por favor dime canto se paga do préstamo ca opción que presentades vos e canto se paga coa opción que presenta o PP.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Falta de previsión efectivamente, nos o concello ten actualmente uns orzamentos en vigor e a día de hoxe o concello segue funcionando coas partidas que hai do orzamento prorrogado. O que vos pretendedes e trastornar as partidas que temos en vigor con 80.000€ menos en dous anos, 40.000€ cada ano. En falta de previsión non me veñas ti a dar leccións, cando estíbeche gobernando con nós as túas partidas non me s de maio quedáronse sen crédito e vesme a falar ti de falta de previsión, cando sabes que isto é un tema xurdido que reunimos as condicións para solicitar un préstamo e non o puidemos contemplar o ano pasado. Vos o que pretendedes e trastornar as partidas que hai actualmente e de falta de previsión non creo que sexas a mellor conselleira para dar consellos.

Nada máis, si efectivamente a 20 anos pagaríanse 15.000€ máis de xuros pero nestes 2 anos eliminando a carencia vanse sacar 40.000€ das partidas de gastos para os veciños, ese é o dato real. E por outra banda non quero asustar ao público aos afectados que están aquí agora pero a operación de crédito vai saír adiante e os veciños van a cobrar porque esa é a responsabilidade que ten o equipo de goberno. Estou dicindo que se aprobe con carencia ou non, os afectados van a cobrar antes do 1 de agosto que é o que está fixado na proposta que se pague. Saia a emenda ou non saia, os veciños ides cobrar antes do 1 de agosto e digo isto, porque parece que se esta xerando uns comentarios entre os afectados que non vaiades confundidos deste Pleno.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): ia preguntarlle se para tomar esta decisión tiveran en conta con carencia ou sen carencia, vostede fala dunha cifra de 15.000€ que pode ser incluso máis. O que me refiro simplemente é que dispor deses 80.000€ en 2 anos sae moi caro os 15.000€.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): ¿en 20 anos?

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): si porque ao final pagas 15.000€ incluso máis. Pero bueno era simplemente que se tiveran en conta as dúas posibilidades que foi o que nos fixemos, calculámolo é o horizonte podía ser 15.000€ ou 20.000€ máis que se podería aforrar. Grazas.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A emenda que se somete a votación é a seguinte: “ Eliminar os 2 anos de carencia de amortización do principal que se plantexa na proposta da Alcaldía, e dicir, manter o prazo da operación a 20 anos, sen ningún tipo de carencia de amortización, comezando a amortizar o principal dende o momento da formalización da mesma”

Para que pase esta emenda ten que ser por maioría simple, non fai falta maioría absoluta, seguidamente sométese a **votación a emenda e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobada a mesma por SETE VOTOS A FAVOR dos/as sres./as concelleiros/as TOURÓN DOMÍNGUEZ e LEDO SOUTO, do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e GONZÁLEZ SOUTO, NÚÑEZ TRONCOSO, RODRÍGUEZ DAVILA, VALCÁRCEL BERNÁRDEZ e GONZÁLEZ RODRÍGUEZ do Grupo municipal do Partido Popular; e SEIS VOTOS EN CONTRA dos/as sres./as concelleiros/as BESADA PÉREZ, Sra. PÉREZ PÉREZ, CASTIÑEIRA ALÉN, GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PÉREZ GONZÁLEZ e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, do Grupo Municipal de Movemento Salceda;** queda aprobada polo tanto e emenda.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A continuación aclaramos aquí, tal e como comentaba Primitivo, a proposta definitiva onde xa se inclúe a emenda que se acaba de aprobar, paso a ler a proposta definitiva:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a proposta do Concelleiro de Economía e Facenda de data 23 de maio de 2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

Visto que con data 31 de xaneiro de 2008 o Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia fixou o prezo xusto relativo ás seguintes fincas afectadas polo proxecto expropiatorio 00350-Parque Raiña Aragonta, 2ª fase. TM Salceda de Caselas:

Nº de expediente	Nº de finca	Expropiado
2007003782	2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba
2007003783	6 (568)	Mª Elena Sio Orozco
2007003784	5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas
2007003785	7 (569)	Purificación Fernández Fernández
2007003786	3-B (555B)	Agustín González Sanjuan
2007003787	1 (552)	Obispado Tui-Vigo
2007003788	8 (575)	Margarita Alonso Martínez

Visto que o 19 de febreiro de 2009 o Xurado de Expropiacións de Galicia resolveu desestimar o recurso de reposición formulado polo Concello de Salceda de Caselas contra a Resolución de 31 de xaneiro de 2008 pola que se fixou o xustiprezo.

As devanditas Resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 fixan una valoración do solo de 201,06 €/m², así como a valoración das plantacións e sementeiras que no seu caso houbera nas fincas, quedando fixado o xustiprezo das fincas nos seguintes importes:

Nº de expediente	Nº de finca	Expropiado	Xustiprezo
2007003782	2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba	191.268,38 €
2007003783	6 (568)	Mª Elena Sio Orozco	35.344,20 €
2007003784	5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas	155.509,17 €
2007003785	7 (569)	Purificación Fernández Fernández	36.214,77 €
2007003786	3-B (555B)	Agustín González Sanjuan	15.319,34 €
2007003787	1 (552)	Obispado Tui-Vigo	311.391,68 €
2007003788	8 (575)	Margarita Alonso Martínez	100.278,68 €
		TOTAL:	845.326,22 €

Visto que segundo o informe de Intervención nº EMP 21/2013, de 6 de febreiro, consultada a contabilidade de gastos do Concello de Salceda de Caselas para o exercicio 2005, confirmase que fíxose o abono dos seguintes depósitos previos (art.52.4 LEF) a cada un dos expropiados:

Nº de finca	Expropiado	Depósito previo
2 (553)	Teófilo e Telma Romero Groba	1.088,80 €
6 (568)	Mª Elena Sio Orozco	200,73 €
5 (567A)	Manuel Rodríguez Quintas	882,40 €
7 (569)	Purificación Fernández Fernández	205,54 €
3-B (555B)	Agustín González Sanjuan	87,20 €
1 (552)	Obispado Tui-Vigo	1.772,80 €
8 (575)	Margarita Alonso Martínez	570,95 €
	TOTAL:	4.808,42 €

Visto que a Resolución de 19 de febreiro de 2009 do Xurado de Expropiación de Galicia foi obxecto de pleito xudicial, emitíndose polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia as seguintes sentenzas:

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01322/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007991/2009, na que se desestima o recurso interposto polo Concello de Salceda de Caselas contra o Acordo de 19/02/09 sobre o xustiprezo da finca 8 (575) expropiada polo Concello para a obra Parque Raiña Aragonta 2ª fase, expte. 3788/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01323/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007992/2009, pola que se desestima o recurso presentado polo Concello de Salceda de Caselas contra o acordó de 19/02/09 que deniega o requerimento previo a vía contenciosos-administrativa contra o acordo de 31/01/08 resolutorio do xustiprezo da finca 1 (552) afectada polo proxecto 350- Parque Raiña Aragonta 2º fase, expediente 3787/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01324/12, de 31/10/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007994/2009, pola que se desestima o recurso presentado polo Conmcello de Salceda de Caselas contra a Resolución de 19/02/09 que denega o requerimento previo a vía contenciosos-administrativa contra o acordó de 31/01/08 resolutorio do xustiprezo da finca 2 (553) afectada polo proxecto 350- Parque Raiña Aragonta 2º fase, expediente 3782/2007, dictado polo Xurado de Expropiación de Galicia.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01466/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007932/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Manuel Rodríguez Quintas e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recorrente, que figura como o número 5 (567 A) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01467/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007931/2009, pola que se

- desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Purificación Fernández Fernández e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 7 (569) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01468/12, de 28/11/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007934/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de D. Agustín González sanJuan e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 3-B do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.
 - Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 01480/12, de 5/12/12, dictada no procedemento ordinario nº 0007933/2009, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo deducido pola representación legal de Dona Mª Elena Sio Orozco e representación legal do Concello de Salceda de Caselas contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de 19/02/09 que resolve desestimando o recurso de reposición formulado pola parte actora e requerimento previo do Concello contra a resolución de 31/01/08 pola que se fixa o xustiprezo da finca do recurrente, que figura como o número 6 (568) do expediente de expropiación iniciado con ocasión da obra Parque Raiña Aragonta 2ª Fase.

Visto que as referidas sentenzas confirmas o carácter axustado á dereito das resolucións de data 19/02/2009 ditadas polo Xurado de Expropiacións de Galicia, que fixa como prezo do solo a cantidade de 201,06 €/m².

Vista a sentenza nº 313/16 da sección 3 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación nº 7023/15.

Vistos os pagos realizados polo Concello de Salceda de Caselas aos expropiados, en datas 15 de novembro de 2013, 29 de decembro de 2014, 14 de decembro de 2016 e 30 de marzo de 2017.

Considerase necesario concertar unha **operación de préstamo** para o financiamento do xustiprezo así como os xuros que procedan de acordo coas seguintes características:

- O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.
- O prazo da operación é de 20 anos con 2 anos de carencia de amortización do principal.
- Amortización trimestral constante.
- Tipo de interés: segundo a Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas, o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación.

PROPOÑO

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites oportunos para concertar unha operación de préstamo, coas seguintes características:

- O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.
- O prazo da operación é de 20 anos con 2 anos de carencia de amortización do principal.
- Amortización trimestral constante.
- Tipo de xuro: o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación máis un marxe máximo de 93,5 puntos básicos, sobre o que se poderán aplicar os diferenciais máximos contidos no anexo 3 da Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas,
- Xuro por demora: 5%.

- Comisións de apertura e de amortización anticipada: 0

SEGUNDO. Que pola Interventora municipal sexa emitido informe no que se analizarán os seguintes termos:

- A capacidade da Entidade Local para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que daquelas se deriven para a mesma conforme ao artigo 52.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de Lei de Facendas Locais.
- Se o préstamo está contemplado no orzamento.
- A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do Orzamento.

TERCEIRO. *Habilitar ao Sr. Alcalde para realizar os trámites oportunos para dar cumprimento ao presente acordo."*

Vista a enmenda presentada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular Primitivo González Soutao, en data 26/05/2017 (RE 2017-E-RC-3007) en relación a formalización dunha operación de préstamo a longo prazo, na que se solicita que se formalice a dita operación sen ningún tipo de carencia.

Visto que a dita enmenda foi aprobada polo Pleno da Corporación na seu sesión extraordinaria de data 2 de xuño de 2.017.

Vistos os informes de Intervención nº EMP 84 e 93/2017, de carácter favorable.

De conformidade co establecido nos artigos 21 y 22 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local e resto de lexislación vixente aplicable, **teño a ben propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites oportunos para concertar unha operación de préstamo, coas seguintes características:

- O importe da operación de crédito ascende a 789.723,63 €.
- O prazo da operación é de 20 anos.
- Amortización trimestral constante.
- Tipo de xuro: o coste total máximo da operación non poderá superar o coste de financiación do Estado a prazo medio da operación máis un marxe máximo de 92,125 puntos básicos, sobre o que se poderán aplicar os diferenciais máximos contidos no anexo 3 da Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas,
- Xuros por demora: 5%.

- Comisións de apertura e de amortización anticipada: 0

SEGUNDO. Habilitar ao Sr. Alcalde para realizar os trámites oportunos para dar cumprimento ao presente acordo.”

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta definitiva e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobada a mesma por UNANIMIDADE dos/as sres./as concelleiros/as presentes DOS TRECE membros presentes na sesión.

Non habendo máis temas que tratar, sendo ás vinte unha horas e cincuenta e un minutos , o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE